



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Dereito Penal. Parte especial	Código	612G01025	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Ramos Vazquez, Jose Antonio	Correo electrónico	jose.ramos.vazquez@udc.es	
Profesorado	Fuentes Loureiro, María Ángeles Martínez-Buján Pérez, Carlos Ramos Vazquez, Jose Antonio Rodríguez López, Silvia	Correo electrónico	maria.fuentes.loureiro@udc.es c.martinez-bujan@udc.es jose.ramos.vazquez@udc.es s.rodriguezl@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Obxetivos: A finalidade primordial da asignatura é o estudo dos delitos en concreto, esto é, o estudo da parte especial do noso vixente Código penal. Así, dun modo sistemático, analizaranse os diversos elementos típicos, a configuración das conductas penadas e os problemas conexas a estas cuestións.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer o papel do Dereito penal como medio formal de control social integrado nun ordeamento xurídico complexo	A1 A2 A3 A4 A5 A6	B8 B11 B3	C3 C4 C6 C7
Coñecer a norma penal na súa estrutura interna, a súa interpretación e a súa aplicación espacio-temporal	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A14		
Coñecer a infracción penal nos seus elementos constitutivos, especialmente aqueles particularmente diferenciadores das distintas especies delictivas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7		



Analizar uns feitos concretos e argumentar a existencia ou non de responsabilidade penal	A8	B6	C1
	A9	B9	C2
	A10	B10	
	A11	B12	
	A12	B2	
		B5	

Contidos	
Temas	Subtemas
LECCIÓN 1. DELITOS CONTRA A VIDA	HOMICIDIO. ASESINATO. ABORTO
LECCIÓN 2. LESIÓNS	LESIÓNS
LECCIÓN 3. DELITOS CONTRA A LIBERTADE	DETENCIONES ILEGAIS. SECUESTROS. AMEAZAS. COACCIÓNS
LECCIÓN 4. DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	DELITOS CONTRA A INTEGRIDAD MORAL. TORTURAS. VIOLENCIA HABITUAL NO ÁMBITO FAMILIAR. TRATA DE SERES HUMANOS
LECCIÓN 5. DELITOS CONTRA A LIBERTADE E A INDEMNIDADE SEXUAIS	AGRESIÓNS SEXUAIS. ABUSOS SEXUAIS. ACOSO SEXUAL. EXHIBICIONISMO E PROVOCACIÓN SEXUAL. PROSTITUCIÓN E CORRUPCIÓN DE MENORES
LECCIÓN 6. OUTROS DELITOS CONTRA OS VALORES DA PERSONALIDADE	OUTROS DELITOS CONTRA OS VALORES DA PERSONALIDADE
LECCIÓN 7. HURTO E ROUBO	HURTO. ROUBO. HURTO E ROBO DE VEHÍCULOS A MOTOR
LECCIÓN 8. DEFRAUDACIÓNS	ESTAFAS. APROPIACIÓN INDEBIDA
LECCIÓN 9. OUTROS DELITOS CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA	OTROS DELITOS CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA
LECCIÓN 10. DELITOS CONTRA A SAÚDE PÚBLICA	DELITOS RELACIONADOS COAS DROGAS TÓXICAS E OS ESTUPEFACIENTES
LECCIÓN 11. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIAL	DELITOS CONTRA A SEGURIDAD VIAL
LECCIÓN 12. FALSEDADES	FALSIFICACIÓN DE MOEDA. FALSEDADES DOCUMENTAIS
LECCIÓN 13. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	PREVARICACIÓN. COHECHO. MALVERSACIÓN
LECCIÓN 14. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	PREVARICACIÓN. ENCUBRIMENTO. ACUSACIÓN E DENUNCIA FALSAS. SIMULACIÓN DE DELITO. FALSO TESTIMONIO. QUEBRANTAMENTO DE CONDEA
LECCIÓN 15. DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA	ATENTADO E RESISTENCIA Á AUTORIDADE. ORGANIZACIÓNS E GRUPOS CRIMINAIS. TERRORISMO
LECCIÓN 16. OUTROS DELITOS CONTRA A COMUNIDAD	OUTROS DELITOS CONTRA A COMUNIDADE

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 B3 C3	0	5	5
Aprendizaxe colaborativa	A8 A10 A14 B11 B12 B2 B5 C4 C7	10	0	10
Discusión dirixida	B10 C2 C6	18	0	18
Actividades iniciais	A5	14	24	38
Eventos científicos e/ou divulgativos	A6	10	0	10
Lecturas	B9 C1	0	15	15
Proba obxectiva	A11 A12 B6	4	10	14
Saídas de campo	A9 B8	5	0	5
Sesión maxistral	A7	30	0	30
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	O estudantado, co asesoramento das docentes, aprenderá a manexar bases de datos de xurisprudencia penal e a realizar unha análise crítica das diversas decisións xudiciais sobre a materia.
Aprendizaxe colaborativa	O estudantado traballará en grupo diversos temas, debendo amosarse activo e colaborador cos compañeiros do seu grupo.
Discusión dirixida	Nas clases prácticas, as docentes organizarán discusións sobre os temas esenciais da materia, nas que o estudantado deberá adoptar unha postura crítica e argumentada.
Actividades iniciais	Nas clases prácticas, as docentes organizarán xuízos simulados, utilizando para elo a sala de vistas coa que conta a Facultade de Dereito. Nesos xuízos simulados, o estudantado deberá adoptar o rol de parte acusadora ou de parte defensora nunha simulación de proceso penal.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Ao longo do curso, organizaranse diversas xornadas, conferencias, etc., sobre temas de interese para o estudantado, complementándose así a súa formación.
Lecturas	As obras en cuestión serán seleccionadas cuidadosamente polas docentes e o estudantado terá a posibilidade de elixir entre o elenco que se lle propoña.
Proba obxectiva	Plantexamento de preguntas acerca dos temas do programa da materia. As preguntas poderán ser tanto teóricas como prácticas.
Saídas de campo	Organizaranse visitas aos xulgados e tribunais da cidade, a fin de que o estudantado poda ver in situ o desenvolvemento da praxis xudicial.
Sesión maxistral	Mediante o sistema de lección maxistral, as docentes introducirán ao estudantado nos aspectos básicos de cada tema. Como soporte ás explicacións, as docentes poderán proporcionar materiais (sentencias, extractos de obras doutriniais...), ou un esquema-guía cos puntos clave do desenvolvemento da súa explicación. En todo caso, a explicación das docentes deberá ser complementada polo estudantado tanto cos materiais proporcionados ao efecto, como pola consulta dos manuais que aparecen na bibliografía.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Actividades iniciais	A atención personalizada ao estudantado non estará vencellada a só unha metodoloxía, senon que será constante. Neste senso, tanto o contido das clases teóricas como o estudo persoal do estudante ou calquera das actividades que integran o curso contarán coa posibilidade dunha tutorización por parte das docentes, ao fin de que o estudantado poda plantexar as súas dúbidas ou dificultades e as docentes podan axustar as metodoloxías ás especificidades da persoa. A estes efectos, o estudantado poderá contar con atención persoalizada (sempre, lóxicamente, dun modo organizado) tanto nas horas lectivas como nos horarios de tutorías.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	B10 C2 C6	Intervención activa en debates na clase	3
Eventos científicos e/ou divulgativos	A6	Participación activa en eventos científicos organizados.	3
Actividades iniciais	A5	Participación en xuízos simulados.	3
Aprendizaxe colaborativa	A8 A10 A14 B11 B12 B2 B5 C4 C7	Realización de traballos en equipo	3
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 B3 C3	Análise de xurisprudencia.	15
Lecturas	B9 C1	Presentación de traballo sobre alguna de las obras propoñidas como lectura.	3
Proba obxectiva	A11 A12 B6	Exame teórico ou teórico-práctico	70

Observacións avaliación



Ao longo de curso avaliaranse os coñecementos prácticos e teóricos do alumno. Para iso establécese o seguinte sistema de avaliación. As probas oficiais de maio e xullo terán un valor máximo de 7 puntos sobre 10 en ambos os dous casos. As probas oficiais realizaranse na data estipulada no calendario de exames aprobado por Xunta de Facultade. Poderán realizarse examéns parciais ao longo do curso, cuxa nota se ponderará coa dos exames finais de maio e xuño. As distintas actividades que se realicen ao longo do curso, antes das probas de maio e xullo, terán un valor de ata 3 puntos. O alumno superará a materia en 1ª oportunidade cando sumadas as notas sobre 3 (das actividades realizadas ao longo do curso) e a obtida na proba de maio se alcance o mínimo de 5 puntos sobre 10 sempre que se alcanzase polo menos 3,5 puntos sobre 7 no exame oficial. De non superar a materia en 1ª oportunidade, a nota alcanzada nas actividades realizadas ao longo do curso resérvanse para a súa suma á nota que se obteña na proba de mes de xullo. O alumno superará, polo tanto, a materia en 2ª oportunidade cando sumadas as notas sobre 3 (das actividades realizadas ao longo do curso) e a obtida na proba de xullo se alcance o mínimo de 5 puntos sobre 10, sempre que se alcanzase polo menos 3,5 puntos sobre 7 no exame oficial. As notas alcanzadas coas actividades que se realicen ao longo do curso só serán tidas en conta se o alumno se presenta ás probas oficiais de maio ou xullo. Só así procederase á súa suma para os efectos de cualificación. Tanto as probas de maio e xullo coma as actividades que se realicen ao longo do curso poderán adoptar formas diversas, isto é, actividades tipo test, pregunta curta, pregunta longa, etc. O alumnado matriculado a tempo parcial con dispensa será avaliado do mesmo xeito que o alumnado matriculado a tempo completo. Advírtese que a cualificación atribuída ás distintas metodoloxías nas outras actividades realizadas durante o cuatrimestre distintas da proba obxectiva debe entenderse en sentido meramente orientativo, de forma que se durante o curso non se utiliza unha delas, a puntuación correspondente acrecerá ás que si se usaron.

En caso de que nalgunha das actividades realizadas ó longo do curso se detectar un plaxio, a cualificación automática do conxunto da avaliación continua será dun 0, tanto en primeira coma en segunda oportunidade, sen prexuízo das sancións que lle corresponder o alumnado de acordo coa normativa vixente.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- VIVES ANTÓN y otros (2022). Derecho penal. Parte especial. Valencia. Tirant Lo Blanch- Allen, M.J., & Edwards, I. (2021). Criminal law. Oxford. Oxford University Press- Monaghan, N. (2022). Criminal Law: Directions. Oxford. Oxford University Press- Smith, H. & Ormerod's (2021). Criminal Law. Oxford. Oxford University Press <p>A bibliografía recollida é complementaria. As docentes poderán por a disposición do estudantado os apuntamentos da materia. Ao filo dalgunhas leccións poderanse por a disposición do estudantado outros materiais bibliográficos que permitirán profundizar en temas concretos.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito Penal. Parte xeral/612G01010

Dereito Sancionador/612G01020

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito Procesual Penal/612G01028

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías